



IV CROSS PARQUE DE LOS MENHIRES



Os clubs coruñeses de atletismo, RIAZOR CORUÑA e MARINEDA ATLETICO, coa colaboración da DEPUTACION DÁ CORUÑA, CONCELLO DÁ CORUÑA, XUNTA DE GALICIA e FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO organizarán o próximo 13 de Decembro na Torre de Hércules, o IV Cross parque dos Menhires, que este ano coincide coa segunda fase local de campo a través do deporte Escolar da zona da Coruña.

1- HORARIO Y PERCORRIDO

HORA	DISTANCIA APROX.	VOLTAS	CATEGORIAS
10:30	550 m.	Volta mini corte B	Benxamin nenas
10:38	550 m	Volta mini corte B	Benxamin nenos
10:45	684 m.	Volta mini corte C	Alevíns nenas
10:55	894 m.	SAIDA + volta corte A	Alevíns nenos
11:05	894 m.	SAIDA + volta corte A	Infantís mulleres
11:15	1688 m.	SAIDA + 2 vueltas corte A	Infantís homes
11:30	1688 m	SAIDA +2 voltas corte A	Cadetes e Xuvenís mujeres
11:40	2793 m.	SAIDA + 2 voltas corte C	Cadete e Xuvenís hombres
12:05	8032 m.	SAIDA + 3 voltas	Junior, promesa, senior, veteranós homes
12:08*	5388 m.	SAIDA+ 2 voltas	Junior, promesa, senior, veteranós mulleres

***A saída da carreira feminina absoluta farase 3 minutos despois da saída da carreira masculina.**

2- PARTICIPACIÓN

Poderán participar atletas federados e non federados, dende a categoría benxamín ata os veteranos.

3- INSCRIPCIÓNS

As inscricións para as categorías xuvenil e superiores realizaranse a través da páxina web da Federación Galega de Atletismo (www.carreiragalegas.com) onde será obrigatorio cubrir os datos solicitados e realizar o pagamento de 3 euros na pasarela de pagamento da Federación Galega de Atletismo antes das 20:00h do xoves 11 de Decembro de 2014. O límite de participantes por carreira é de 500.



FEDERACION GALEGA DE ATLETISMO





TV CROSS PARQUE DE LOS MENHIRES



As inscricións para as categorías benxamín, alevín, infantil e cadete realizaranse a través da páxina web da Federación Española de Atletismo (<https://isis.rfea.es/sirfea2/rfea.asp>) para o que será necesario a clave de acceso de cada entidade. Nas devanditas categorías só poderán participar atletas dados de alta no programa XOGADE da Xunta de Galicia.

4- DORSAIS

Para as carreiras de adultos recolleranse o venres día 12 na TENDA DE DEPORTES

SOLO RUNNERS de 17:00 e as 20:30.

O mesmo día da carreira dende as 9:45 ata as 11:30 nas inmediacións da meta.

SOLO RUNNERS Encóntrase na praza de Mestre Mateo

Todos os dorsais dos menores, recolleraos o delegado de cada club 45 minutos antes da primeira carreira de menores. 9:45 AM

5- PREMIOS

Entregarase un trofeo ao Club con maior número de atletas na competición e aos tres primeiros de cada categoría, sendo as categorías as seguintes:

- Benxamín homes e benxamín mulleres
- Alevín homes e alevín mulleres
- Infantil homes e infantil mulleres
- Cadete homes e cadete mulleres
- Xuvenil homes e xuvenil mulleres
- Junior homes e junior mulleres
- Promesa homes e promesa mulleres
- Senior hombres e senior mujeres
- Veteráns A 35 anos a 44 años homes e mulleres
- Veteránas B 45 anos a 54 años homes e mulleres
- Veteránas C 55 anos e maiores homes e mulleres

Premio para o vencedor e a vencedora da carreira absoluta masculina e feminina.

Entre os corredores das carreiras de maiores que retiren o seu número en sortearanse dous pares de zapatillas e entre todos os corredores 5 regalos.

SOLO RUNNERS

Así mesmo durante a semana posterior á carreira todo aquel corredor da carreira absoluta masculina ou feminina terá un desconto de 20% en tenda.



FEDERACION GALLEGA DE ATLETISMO

horno sanbrandan





TV CROSS PARQUE DE LOS MENHIRES



6- OUTROS APARTADOS

- Os participantes deberán colocarse na saída 10 minutos antes de dar comezo a proba e competir coa equipación oficial do seu club.
- A clasificación será absoluta e por categorías
- A organización establecerá distintos controis polo circuito para controlar o paso dos participantes.
- Os corredores levasen durante toda a carreira o número colocado no peito de forma visible, sen cortes nin dobreces.
- Aqueles aspectos que non contemple este regulamento serán decididos tendo en conta o regulamento da Federación Galega de Atletismo
- A carreira estará controlada polo comité Galego de xuíces da Federación Galega de atletismo e polo sistema de chips da Federación galega de atletismo.
- Todos os corredores oficialmente inscritos terán seguro de accidentes e de responsabilidade civil.
- O CONTROL DE CHEGADA PECHARASE Á SAÍDA DA CARREIRA POSTERIOR E 30 MINUTOS DESPUES DA CHEGADA DO PRIMEIRO CORREDOR NA CARREIRA MASCULINA.
- O feito de inscribirse neste cross implica a aceptación deste regulamento e dá dereito á organización a poder facer uso das imaxes.
- En caso de pospoñerse a proba por cuestións de seguridade (metereolóxicas) non se devolverá en ningún caso o custo da inscrición.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow13- 15008 A Coruña.



FEDERACION GALEGA DE ATLETISMO

horno sanbrandan

